

# As nosas guías polo mundo do saber

Asun Carballo

Santiago
08-03-13





**Presentación.** **As nosas guías nesta viaxe polo saber**



## Presentación. A Quinta dos libros por dentro

Formamos aos nosos usuarios







Investigamos,
buscamos e seleccionamos
información











Mimamos aos lectores: actividades de animación á lectura

Presentación. **Como traballamos?**

1º Paso

2º Paso

3º Paso



# Proxecto documental integrado

1º Paso



## Que?

- Coñecer e valorar o traballo de mulleres
- Experimentar e investigar
- Fomentar e facilitar a lectura
- Elaborar material
- Respectar os puntos de vista dos demais.

## Como e cando?

- 1ª Parte. Estudo das mulleres científicas
- 2ª Parte. Coñecemento das mulleres no ámbito sociopolítico, nas artes e nas letras.

## Proxecto documental integrado. Os materiais












## Proxecto documental integrado. Actividades

### 4. Planificación do traballo por ciclos e materias. Propostas de actividades.

#### 4.1. As mulleres científicas

**Recursos e materiais**

Selección de recursos e de materiais relacionados coas mulleres coas que imos traballar.

**Exposición**

"Mulleres científicas" do CPI Progreso (Catoira)

Esta exposición fomentou o traballo de busca e selección da información por parte do alumnado de primaria. Indagaron máis sobre estas mulleres; por exemplo, as aulas de 4° de primaria cnetráronse na arqueoloxía e na astronomía. Ao final expuxeron os seus traballos na entrada da biblioteca.

**Actividades**

**Mulleres relevantes do mundo das ciencias**

Selección de diferentes mulleres que destacaron no mundo das ciencias. Busca de información de cada unha. Selección dos datos máis relevantes. Deseño de carteis empregando as estratexias de publicidade institucional.

As mulleres seleccionadass polo alumnado foron: Lynn Margullis, Marie Curie, Jane Goodall, Marisol Soengas, Carmen Porto Vázquez, Mª Dolores Estévez Rodal, Dolores García Pineda, Lise Meitner, María Michell, Ada Lovelace, dorothy Crowfoot Hodking, Rachel Carson, Ángela Alvariño, Mary Fairfax, Jocelyn Bell Burnell, Bárbara Mc clintock, Rosalind Franklin, Teresa Mendizabal y Margarita Salas.

**Ciclo de conferencias**

Tres mulleres visitaron desinteresadamente o centro e impartiron conferencias sobre o seu traballo.

Unha muller nun mundo de homes: Carmen Porto (primeira muller radioterapeuta de España). A súa charla foi para o alumnado de 2° da ESO.

Unha visita especial: Marisol Soengas (directora do grupo de Melanoma do CNIO). Unha alumna e cuarto púxose en contacto con ela a través das redes sociais. A charla para o alumnado de 4 da ESO versou sobre o melanoma.

Mulleres na saúde, abrindo portas: Loli Estévez (comadrona). Falou cos rapaces de 6° de primaria sobre o seu traballo de matrona. Prepararon con anterioridade as preguntas que lle ían formular.

**Lina Bobardi**

Os alumnos de 2° da ESO traballaron en tecnoloxía a partir da fgura de Lina Bobardi, unha das primeiras mulleres que destacou nun mundo de homes. Indagación sobre o seu traballo e os seus deseños. Costrución de mobles deseñados por ela.

**Tardes na biblioteca**









## Proxecto documental integrado. Ambientación



**As mulleres nas ciencias.**

2º e 3º Pasos








## As mulleres nas ciencias. Ciclo de conferencias








Carmen Porto



## As mulleres nas ciencias. Ciclo de conferencias

### Marisol Soengas

Carla Cerqueira Mella dijo...

jajaja Que vergoña pasei! Pero mereceu a pena, foron unhas charlas extraordinarias e unha experiencia moy boa. Gustaríame moitísimo que Marisol volvera! jaja un bico.



Andrea R dijo...

A verdade é que foi unha charla moi amena,xa que o contido era interesante.
Tamén me pareceu un acto moi altruista pola parte de Marisol vir a darnos unha charla dende a capital. Gracias Marisol :D
Un biquiño.

09 diciembre, 2011

Marisol dijo...

Graciñas a todos: a Carla pola invitación, ás profesoras Asun e Elena pola súa amabilidade, e a vós, os estudantes (e a os demais profes), por estar tan atentos durante as presentacións. Contade comigo para o ano que ven! Ah, e por suposto, estarei encantada de ensinarvos o CNIO cando veñades a Madrid.
Unha aperta moi-moi forte.

10 diciembre, 2011





### Loli Estévez

## As mulleres nas ciencias. **Lina Bobardi**





## As mulleres nas ciencias. Obradoiro de química











## As mulleres nas ciencias. Sesión de cine e xogo de enigmas



## As mulleres nas artes e nas letras. Ambientación e exposición












| No cine | No ámbito sociopolítico | Nas letras | Nas artes |
|---|---|---|---|
| Audrey Hepburn<br>Katharine Hepburn | Clara Campoamor<br>Teresa de Calcuta | Fina Casalderrey<br>Gloria Fuertes<br>María Reimóndez | Frida Kahlo<br>Ana Juan<br>Pamen Pereira |

**As mulleres no ámbito sociopolítico, nas artes e nas letras**

As mulleres nas artes e nas letras. **Ambientación e exposición**

| Mulleres | Materiais | Enlaces | Vídeos |
|---|---|---|---|
| <br>Audrey Hepburn | O cine<br>*La historia del cine*<br>*Guía histórica do cine*<br>*Cómo ser adorable*<br>*Desayuno con diamantes* | A súa vida<br>As súas películas<br>Biografía, filmografía e premios<br>A súa morte<br>UNICEF<br>*Desayuno con diamantes* | A sonrisa dun ánxel<br>Recordamos a Audrey<br>Homenaxe en Roma<br>O seu primeiro Oscar<br>Entrevista a Audrey<br>Globos de Oro 1990<br>*Sabrina*<br>*Moon river* |
| <br>Katherine Hepburn | O cine<br>*La historia del cine*<br>*Guía histórica do cine*<br>*Tres días de amor* | A súa vida<br>As súas películas<br>A súa morte<br>Biografía, filmografía e premios<br>Cambiou os papeis femeninos no cine<br>Parellas de cine<br>*De repente, o último verán*<br>*La fiera de mi niña* | Cumpriría 104 anos<br>O seu mellor papel<br>Especial Katherine Herburn<br>*A raíña de África*<br>*O farsante*<br>*La fiera de mi niña*<br>*Adiviña quen vén esta noite* |

Mulleres no ámbito sociopolítico

| Mulleres | Materiais | Enlaces | Vídeos / audio |
|---|---|---|---|
| **Clara Campoamor**<br> | España do Século XX. 1898-1931<br>España do Século XX. 1931-1939<br>A muller na historia<br>Mulleres admirables<br>Clara Campoamor<br>Sufraxio universal<br>Discurso nas Cortes 1931 | A súa vida<br>Busca a súa obra<br>Congreso dos deputados<br>Bibliografía<br>Actividade: Test<br>Noticia El Confidencial<br>Noticia ABC<br>Noticia Diario de Mallorca<br>Noticia El Imparcial<br>Imaxes<br>Citas | Película: Clara Campoamor, la mujer olvidada<br>Vídeo fotográfico<br>Mulleres na historia<br>O voto feminino en España<br>Sufraxismo feminino en 1933<br>Audio Efeméride da súa morte |
| **Teresa de Calcuta**<br> | Teresa de Calcuta<br>Calcuta<br>India<br>Asia<br>Premios Nobel<br>Misioneiras da Caridade | A súa vida<br>A súa morte<br>Premios<br>Beatificación<br>Bibliografía<br>Noticia El Mundo<br>Imaxes<br>Citas | Recolle o Premio Nobel da Paz<br>Entrevista e reflexións<br>Unha das útimas entrevistas<br>Película |

## Mulleres no cine e no ámbito sociopolítico

As mulleres nas letras e nas artes. **Ambientación e exposición**

*domingo, 15 de abril de 2012*

Mulleres nas letras

| Mulleres | Materiais | Enlaces | Videos / audio |
|---|---|---|---|
|  Fina Casalderrey | Na nosa biblioteca<br>Guía: "A Pomba e o Degolado"<br>Test léxico<br>Guía:"Lúas de nácara"<br>Guía:"Asústate Merche!" | Web da autora<br>Autobiografía<br>Ed. Xerais. Ficha da autora<br>"Contar, imaginar, crear mundos"<br>No Galipedia | Fina Casalderrey e a lectura<br>Entrevista<br>Pontevedra: onde as pedras teñan alma |
|  Gloria Fuertes | Libros na nosa biblioteca<br>"Gloria la poeta"<br>"La oca loca" comprensión lectora.<br>"Versos que saben a Gloria" unidad didáctica. | Fundación Gloria Fuertes Biblioteca Cervantes<br>No Wikipedia<br>Poesía infantil<br>Glorerías pacifistas<br>"La pata mete la pata" | Vídeo "El poeta en su voz"<br>"El Camello Cojito"<br>Vídeo "Cuento de Gloria Fuertes" |
|  María Reimóndez | Na nosa biblioteca | Blog da autora<br>Ed. Xerais. Ficha da autora<br>No Galipedia | Vídeos en Youtube<br>Autora fala dos seus libros<br>Facebook da novela "Pirata"<br>Trailer "O Club da Calceta" |

Publicado por A quinta dos libros en 22:37
Etiquetas: Mulleres nas artes e nas letras

Mulleres ARTISTAS

| Mulleres | Materiais | Enlaces | Videos / audio |
|---|---|---|---|
| *Ana Juan*  | Na nosa biblioteca<br>Biografía SOL | Web persoal<br>Na wikipedia<br>Reportaxe Biblioabrazo<br>Entrevista Revista Babar<br>Artículo Entrecomics | *Circus*<br>*Frida, videocollage*<br>*losgosedizione*<br>hoy es arte |
| *Frida Kahlo*  | Na nosa biblioteca<br>Guía de lectura "Frida Kahlo (una historia posible)" | Museo Frida Kahlo<br>Frida Kahlo fans<br>Extramuros<br>Na wikipedia<br>Frida Kahlo Corporation | Recorrido virtual por su casa<br>Documental<br>Películas caseras<br>Serie Pensamientos UNED |
| *Pamen Pereira*  | Na nosa biblioteca | Web persoal<br>Atalaia - Arte contemporánea en Galicia<br>Entrevista El Cultural | |

Publicado por A quinta dos libros en 11:28
Etiquetas: Está a pasar, Mulleres nas artes e nas letras

**Mulleres nas letras e nas artes**

As mulleres nas artes e nas letras. **Ambientación e exposición**












## Audrey Hepburn

### (Bruxelas, 1929-Tolochenaz, 1993)



O seu verdadeiro nome era Edda Kathleen Van Heemstra Hepburn-Ruston.
Durante a súa xuventude sufriu a Segunda Guerra Mundial, primeiro en Bélxica e logo en Holanda.
En 1929 foise vivir a Londres e alí comezou a estudar danza e arte dramática.





No 1952 protagoniza Vacacións en Roma, papel que cambiou a súa vida. Con ela obtivo o seu primeiro premio, o Óscar á mellor actriz.
Volveu estar nomeada ao Óscar como mellor actriz en Almorzo con Diamantes no 1961 e tamén en Soa na escuridade, no 1967.
A súa última actuación foi con Steven Spielberg en Always (1989).



No 1988 foi nomeada embaixadora de UNICEF e a súa solidariedade humanitaria cos nenos pobres marcou os últimos días da súa vida.
En 1993, meses despois da súa morte, a Academia das Artes e das Ciencias Cinematográficas de Hollywood concedeulle o Óscar humanitario Jean Hershot polo seu labor como embaixadora permanente en UNICEF.

## Katherine Hepburn

### (Estados Unidos, 1907- 2003)



A súa infancia estivo marcada polo suicidio do seu irmán.
Comezou a súa carreira no teatro.
Rodou a súa primeira película Dobre sacrificio en 1932.





O éxito chegoulle con Gloria dun día en 1933, coa que gañou o seu primeiro Óscar e abriu unha etapa de auxe na súa carreira.
A muller do ano (1942), de George Stevens uniuna a Spencer Tracy e dende entón ata Adiviña quen vén esta noite (1967), de Stanley Kramer, formaron unha das grandes parellas do cine e da vida ao longo de nove películas.
Durante os anos cincuenta e sesenta rebaixou moito o seu ritmo de traballo, o cal non lle impediu obter grandes éxitos como A raíña de África (1951).



Nas décadas seguintes, acusando a súa xa avanzada idade, reduciu a súa presenza cinematográfica a papeis esencialmente de apoio, coa notable excepción de No estanque dourado (1981), auténtico testemuño fílmico polo que se lle concedeu o seu cuarto Óscar, e no que compartiu cartel con outra gloria do cine clásico estadounidense, Henry Fonda.

## Clara Campoamor

**(Madrid ,1888 – Lausanne, 1972)**



*Procede dunha familia modesta e estuda ao mesmo tempo que traballa.*
*Licenciada en Dereito, pola Universidade de Madrid en 1924.*
*Pioneira da militancia feminista, fundou a Asociación Feminina Universitaria.*
*Deputada por Madrid coa II República (Partido Radical).*



*Formou parte da comisión constitucional e loitou para establecer a non discriminación por razón de sexo, a igualdade xurídica dos fillos e fillas nados dentro e fóra do matrimonio, o divorcio e o sufraxio universal. Conseguiu que fose aprobado o dereito ao voto das mulleres españolas.*

*Tivo outros cargos de responsabilidade como a vicepresidencia da Comisión de Traballo, a dirección xeral de Beneficencia, a participación na Comisión que preparou a reforma do Código Civil ou a presenza na delegación española ante a Sociedade de Nacións. Tamén fundou unha organización chamada Unión Republicana Feminina.*
*Nas eleccións de 1933, non consegue renovar a súa acta de deputada.*
*Abandonou España en 1938 (guerra civil) e viviu exiliada en Arxentina e Suíza ata a súa morte.*





## Teresa de Calcuta

**(Macedonia, 1910 – Calcuta, 1997)**



*De vocación relixiosa moi temperá. Quería ser misioneira na India, marchou a ese país aos dezaoito anos. Cursou estudos de maxisterio e elixiu o nome de Teresa de Calcuta para profesar.*
*Exerceu como mestra ata que obtivo a autorización de Roma para dedicarse aos pobres.*



*Fundou a Congregación das Misioneiras da Caridade.*
*Viviu case toda a súa vida na India, coidando e axudando os máis necesitados, a través da súa fundación Nirmal Hidray (casa do corazón puro).*

*Obtivo o recoñecemento de gobernos e organizacións internacionais. Recibiu numerosos premios entre eles o premio da Fundación Kennedy en 1972, o premio Templeton en 1973 e en 1979 foi premio Nobel da Paz.*
*Foi beatificada en 2003 polo papa Xoán Paulo II.*

*"Ás veces sentimos que o que facemos é só unha pinga no mar, pero o mar sería menor se lle faltase unha pinga".*





**Mulleres no ámbito sociopolítico**

## Gloria Fuertes
(Madrid, 1917-Madrid, 1998)



Naceu no seo dunha familia humilde no castizo barrio de Lavapiés.
En 1935 publicou os seus primeiros versos e ofreceu os seus primeiros recitais de poesía en Radio Madrid.

Traballou como contable e como secretaria. A partir de 1939 inicia a súa carreira literaria: é redactora dunha revista infantil, participa en obras de teatro infantil e obtén o 1º premio de Letras para cancións de Radio Nacional de España.
En 1950 publica Illa ignorada, o seu primeiro libro de poemas.
En 1951 funda, xunto a Adelia Lasanta, Versos con faldas. Con ela dedícase a ofrecer lecturas e recitais por rúas e bares de Madrid durante dous anos.
En 1952 estrea a súa primeira obra de teatro en verso, Prometeo.
Cursou estudos de biblioteconomía e organizou a primeira biblioteca ambulante para pequenas vilas.
Entre 1961-1963 reside nos Estados Unidos cunha bolsa de literatura española impartindo clases na universidade. Á volta imparte clases de español para americanos.



En 1966 obtén o Premio Lazarillo con Canguro para todo e en 1968 concédenlle o diploma de honor do Premio Internacional Andersen para Literatura Infantil.
A mediados dos anos 70 colabora en diversos programas infantís que a converten na poetisa dos nenos.

## Fina Casalderrey
(Xeve, 1951)



Dende os 19 anos exerce a profesión de mestra (na actualidade en secundaria).
No ensino comezou a somerxerse nas augas da creación literaria, como autora e directora de varias pezas teatrais representadas polo seu alumnado.
Unha das súas inquietudes é a investigación etnográfica.

Colabora en prensa e revistas especializadas, así como en diversos eventos literarios .
No ano 1991 deuse a coñecer no mundo das publicacións coa novela xuvenil Mutacións xenéticas.
A maioría da súa obra está traducida ás distintas linguas do Estado, tamén ao portugués. Ás de mosca para Anxo foi traducida ao valenciano, castelán, euskera e catalán.

Recibiu numerosos premios e distincións, entre eles o Premio Merlín de literatura Infantil (1991), por Dúas bágoas por Máquina; Premio Edebé de literatura Infantil (1995), por O estanque dos parrulos pobres; Premio Nacional de literatura Infantil e Xuvenil (1996); Premio Barco de vapor (1994), por Os misterios dos fillos de Lúa, e Premio Cidade de Pontevedra (1996) pola totalidade da súa obra.



## María Reimondez
(Lugo, 1975)



É tradutora e escritora, de narrativa, poesía e teatro.
Leva escribindo dende os 6 anos. Na súa mocidade foi gañadora de varios premios, coma o Rúa Nova ou o Minerva. No 2003 recibiu o premio Mulleres Progresistas de Vigo con O caderno de Bitácora..

Premio Arcebispo de San Clemente 2007, pola novela O Club da Calceta, obra traducida ao italiano e ao español. Con este libro foi finalista do Premio Xerais 2005.
Finalista do Premio Merlín 2005, coa novela xuvenil Usha.



Leva traballando en cooperación dende o ano 1994. Despois de varias visitas á India, funda a ONG de cooperación ao desenvolvemento "Implicados no Desenvolvemento" ,que leva traballando nese país dende o ano 1998 e dende o ano 2003 en Etiopía.
María Reimóndez tamén é fundadora e secretaria da Asociación galega de profesionais da tradución e da interpretación.

## Mulleres nas letras

## As mulleres nas artes e nas letras. Mulleres no cine








## As mulleres nas artes e nas letras. Mulleres no cine

*miércoles, 15 de febrero de 2012*

Revistas de cine

**Estiveron nas salas gozando dunha boa sesión de cine. Agora estanse empapando dos segredos do sétimo arte. E proximamente, os alumnos de 3º da ESO darannos a coñecer a súa revista.**



As mulleres nas artes e nas letras. **Escritoras e artistas**







## As mulleres nas artes e nas letras. Club da calceta


*jueves, 26 de abril de 2012*

O club da calceta

Coma no libro de María Reimóndez quixemos xuntarnos p
compartir a tarde falando e aprendendo, contando historias
calcetando. Os alumnos de 6º de primaria e de 1º da ESO foron
protagonistas desta pequena aventura.



Grazas... as nosas profesoras de calceta p
paciencia esta arte, aos contacontos por acerc
de Sofía" e a todos os que non perderon
compartir esta tarde con nós.







As mulleres nas artes e nas letras. **Club de jazz**









As mulleres nas artes e nas letras. **Club de jazz**
















As mulleres nas artes e nas letras. Club de lectura










## Que nos aportou o proxecto?



Apoio ao proceso de ensino aprendizaxe

Participación do alumnado e actitudes positivas

Novo rol do profesor: mediador

Fomento da lectura

Traballo interdisciplinar

Integración das TIC

## Para ir rematando … **A repercusión no centro**

Contaxiamos

Calendario
Mulleres galegas senlleiras



## Para ir rematando … A repercusión no centro




Sofía dijo...

Paseino xenial...grazas a todos os profesores por facer que isto fose posible.

Espero con ansia a próxima reunión.:)

16 marzo, 2012

Bea Sousa dijo...

Xa facía tempo que non me pasada por estes lares, pero da gusto entrar por aquí e atopar cousas coma esta... É increíble,o que facedes! Teño morriña do Manuel Suarez Marquier, teño morriña da nosa biblioteca...
Un saúdo para todos, e seguir así!
:)

Sandra "paprirofl." dijo...

Como siempre un trabajo estupendo, felicidades a todos y a seguir disfrutando de vuestra maravillosa biblioteca.

18 marzo, 2012

A Quinta dos Libros

Bibliografía

Baró, Mónica. *Biblioteca escolar y nuevas alfabetizaciones*. Leer.es

Piquín, Rosa. *Proyectos documentales integrados: una experiencia tecnológica entre bibliotecas y escuela*

Rivera de la Cruz. Marta. *Ellas hicieron historia*. Editorial Anaya

Rivera de la Cruz. Marta,.*Mi primer libro sobre ellas.* Editorial Anaya

VVAA. Colección de autobiografías: Me llamo. Editorial Parramón.

VVAA. Colección de autobiografías. Editorial Rompecabezas, serie sabelotodo.

Levi, Rita. *La pioneras: las mujeres que cambiaron la sociedad y la ciencia desde la Antigüedad hasta nuestros días*,.Editorial Crítica